



042

BUDIÑO

Desde tempos moi remotos é coñecida a presente parroquia co nome de Budiño, aínda que algunhas escrituras antigas apelidana como Bondino e Bodino. Confina coa antecedente de Sto. Estevo, e para distinguir unha da outra adoitan chamar a esta Budiño de arriba, e a aquela Budiño de abaixo. Venera por Patrón ao noso amable Redentor baixo o título de Sn. Salvador; a súa festa celébrana no día da súa gloriosa Transfiguración, 6 de Agosto. Consta a súa poboación de 167 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz que aquí hai, e polo político e governativo ao de Salceda. Están regulados os seus décimos en 26.650 reais anuais que insolidum leva o Cabido Catedral de Tui, co cargo de por e dotar ao Cura párroco; este ten casa Reitoral e pequeno Igrexario de levar en semente ferrado e medio de pan. Houbo nesta freguesía un célebre Mosteiro de Monxes Cluniacenses, cuxa Igrexa serve hoxe en día de parroquia. Hai aquí unha ermida dedicada a Sto. Antonio de Padua. Dista da Capital unha legua.” (Ávila y La Cueva, 323).



SAN SALVADOR

Igrexa parroquial

A igrexa pertencía a un Mosteiro de monxes cluniacenses construído no ano 1083.

Hai constancia de que no ano 1092 veu ata esta fundación o visitador da Orde Dalmacio, que logo sería bispo en Santiago de Compostela.

A igrexa foi construída a mediados do século XII, cando se fixo máis numerosa a comunidade de monxes. Pénsase que nela traballaron canteiros que xa o fixeran na Catedral de Tui.

No ano 1435, sendo bispo de Tui Xoán de Cervantes, e con data do 1 de xuño, por unha bula do Papa Euxenio IV foron suprimidos distintos mosteiros na Diocese, algún beneditinos coma o de S. Pedro de Angoares, S. Bartolomeu de Tui, S. Salvador de Barrantes e S. Miguel de Pexegueiro, e tamén este dos cluniacenses de Budiño.

Esta bula foi executada polo bispo de Ourense o 16 de setembro do ano seguinte, pasando estas igrexas a depender do bispado de Tui, formándose así as parroquias respectivas.

Dende entón a igrexa sufriu diversas modificacións, pero conserva parte da estrutura románica na súa capela maior, coma o **arco triunfal (044)** e os arcos cegos que se abren nos muros laterais da mesma.

A **fachada principal (042)** foi construída no ano 1752 sendo abade d. Francisco Antonio Rodríguez de Gutiérrez, consonte coa inscrición da fachada, e seguindo o estilo da época nesta zona, que algúns chaman barroco rural galego.

Presenta dúas pilastras extremas rematadas en pináculos mixtos sobre unha base en prisma. Aquí nace a cornixa que ascende ata a base da espadana.

No centro, sobre tres chanzos de escaleira, está a porta principal adornada cunha moldura en bocel no seu contorno, enmarcándose con outra moldura exterior acobadada.



Enriba dela, a modo de frontispicio, unha cornixa serve de apoio nos extremos a outras dúas rematadas en espiral e abertas para por no centro a inscrición coa data de construción.

No centro do paramento hai unha ventá en forma de roseta de catro follas con moldura exterior.

Unha cornixa voada serve de base á espadana de dous ocos de arco de medio punto. Os machóns preséntanse escalonados en tres alturas polos dous lados e con molduras. A cornixa superior sustenta dous pináculos extremos e unha cruz central de remate sobre unha base traballada en relevo e coa cruz de Malta no centro.

Por riba da moldura da porta hai outra inscrición posterior que fai referencia á reedificación da fachada polos veciños. Consta que no ano 1807 o mestre canteiro Xoán Antonio Morgado recibiu a cantidade de 1700 reais por executar a reparación da espadana e da capela maior debido aos danos producidos por un raio nos mesmos.

No ano 1816, pouco despois desta reconstrución da igrexa polos veciños, o Cabido da Catedral de Tui doa un viril de prata dourada a esta parroquia feito polo orfebre Pedro Carabelos López na cantidade de 2.500 reais.

A nave é rectangular e ten unha moldura baixo a cornixa que sustenta o tellado. Ao final do paramento ten outra pilastra antes da unión coa capela maior. Os paramentos norte e sur son semellantes e presentan unha porta moldurada e unha ventá cadrada tamén moldurada en cada un deles. Preséntanse coa pedra vista, pero non ten a mesma calidade e traballo que as pilastras e as molduras, porque foi pensada para estar enfuscada e caleada.

A capela maior é mais estreita que a nave. Ten planta rectangular. A cornixa presenta chaflán con adorno de bolas e oito canzorros en nacela a cada lado. No lado norte ten dúas pequenas ventás a modo de seteiras. No lado sur unha semellante a elas e unha gran ventá de dobre derrame.

O tellado é a dúas augas.

A comezos do século XX tivo unha importante restauración do tellado, debido a un incendio que se produciu no seu interior, tendo que cambiar toda a estrutura primitiva de madeira.

As últimas obras realizados a comezos do século XXI consistiron, entre outras, tamén na reforma da cuberta.





O paramento leste fai de pilastra de suxeición. No centro del apréciase a forma dunha fiestra de medio punto que foi tapiada. Nos extremos ten pináculos e remátase con capias que ascenden ata unha cruz de remate.

Neste este paramento adosouse a sancristía, que é unha pequena construción rectangular máis baixa, con tellado a dúas augas e capias de remate. Ten unha pequena ventá rectangular de dobre derrame no lado norte.

No interior o piso é de pedra serrada, igual que o zócalo. As paredes están enfuscadas e pintadas en branco. A teitume é de madeira.

No seu último tramo construíronse en pedra dúas fornelas de arco de medio punto sobre unha repisa apoiada en pilastras, para as imaxes da **Virxe do Rosario (045)**, no lado norte, e, no lado sur, a **Dolorosa (046)**.

Neste mesmo lado colocouse a pía bautismal antiga, cun pe novo tamén en pedra.

O arco triunfal (044) resalta sobre o resto da igrexa. Conserva todo o seu estilo románico intacto, a pesares de todas as reformas que se produciron.

Apoiado por dous contrafortes laterais, ten a directriz semicircular, peraltado e dobrado cara a nave. A súa arquivolta é baquetonada e remátase en chambrona dunha soa fila de billetes.

A arquivolta apoia en dúas columnas entregas, de bases áticas con cabezas de dragón nas esquinais, e **capiteis (047.048.049)** de grandes follas coas puntas voltas moi sañtes. No do lado sur, no centro entre o follaxe aparece a cara dun home.

Os ábacos son en nacela e a imposta chega ata os contrafortes laterais.

Nos paramentos norte e sur da capela maior hai arcos cegos.

O paramento leste atópase cuberto de pedra serrada e colocáronse tres fornelas simulando a estrutura dun retablo, sendo a do centro máis ampla e sobre unha cornixa apoiada en semicolumnas sobre un altar tamén de pedra. A fornela ocúpaa a **imaxe do Salvador (043)**.





O paramento leste fai de pilastra de suxeición. No centro del apréciase a forma dunha fiestra de medio punto que foi tapiada. Nos extremos ten pináculos e remátase con capias que ascenden ata unha cruz de remate.

Neste este paramento adosouse a sancristía, que é unha pequena construción rectangular máis baixa, con tellado a dúas augas e capias de remate. Ten unha pequena ventá rectangular de dobre derrame no lado norte.

No interior o piso é de pedra serrada, igual que o zócalo. As paredes están enfuscadas e pintadas en branco. A teitume é de madeira.

No seu último tramo construíronse en pedra dúas fornelas de arco de medio punto sobre unha repisa apoiada en pilastras, para as imaxes da **Virxe do Rosario (045)**, no lado norte, e, no lado sur, a **Dolorosa (046)**.

Neste mesmo lado colocouse a pía bautismal antiga, cun pe novo tamén en pedra.

O arco triunfal (044) resalta sobre o resto da igrexa. Conserva todo o seu estilo románico intacto, a pesares de todas as reformas que se produciron.

Apoiado por dous contrafortes laterais, ten a directriz semicircular, peraltado e dobrado cara a nave. A súa arquivolta é baquetonada e remátase en chambrona dunha soa fila de billetes.

A arquivolta apoia en dúas columnas entregas, de bases áticas con cabezas de dragón nas esquinais, e **capiteis (047.048.049)** de grandes follas coas puntas voltas moi sañtes. No do lado sur, no centro entre o follaxe aparece a cara dun home.

Os ábacos son en nacela e a imposta chega ata os contrafortes laterais.

Nos paramentos norte e sur da capela maior hai arcos cegos.

O paramento leste atópase cuberto de pedra serrada e colocáronse tres fornelas simulando a estrutura dun retablo, sendo a do centro máis ampla e sobre unha cornixa apoiada en semicolumnas sobre un altar tamén de pedra. A fornela ocúpaa a **imaxe do Salvador (043)**.





Entre as semicolumnas e sobre unha base apoiada no altar, está empotrado o sagrario metálico, nun arco de medio punto con moldura,.

As outras dúas fornelas laterais apóianse en peañas de pedra. Están ocupadas pola Virxe do Carme e S. Roque.

No lado norte deste paramento está a porta, tamén de pedra, que comunica coa sancristía.

No ano 1980 esta parroquia entregou en depósito, no Museo Diocesano, nove petos esmoleiros de distintas advocacións. Trátase de pezas de madeira policromada, uns con relevos e outros con tallas de bulto redondo, datados entre os séculos XVIII e XIX. Podemos contemplar como máis singulares o de **Sto. Antonio de Padua (050)**, o do Carme e o de Ánimas.

A **cruz parroquial (051)** é do século XVIII. Ten os brazos rectos, rematando nos extremos cun adorno floral. No centro, un gran espello circular coa inscrición do INRI adornado con catro veneras e os raios da gloria para acoller a cabeza do Cristo, aínda agonizante, mirando ao ceo e suspendido de tres cravos. O Cristo é en prata sobredourada. Nos brazos ten gravados a modo de medallóns, con adornos florais, ocupados por S. Pedro, S. Paulo, Sto. André e S. Roque no inferior. Na parte central do reverso ten, tamén en prata sobredourada, a figura do Salvador.

A macolla ten o corpo esférico e coloca dúas cabeciñas de anxos nos puntos cardinais dos que colgan as catro campañas. Na parte superior ten unha filigrana calada a modo de coroa.





Capela de Sto. Antonio (052)

Situada no barrio do Casal.

Aínda que o titular sexa Sto. Antonio de Padua, comunmente coñécese pola capela de S. Brais, xa que é esta a festividade que celebran nela.

Foi reconstruída na práctica totalidade no ano 1738.

A súa fachada principal presenta a porta moldurada e acobadada, que se adorna con dúas pilastras estriadas e rematadas en semipináculos, e unha cornixa moldurada facendo de frontes.

No lintel da porta superposto á moldura hai un escudo sen gravar. E entre a porta e a cornixa está a fornela, fonda e con venera (na actualidade pintada de coloríns), de arco de medio punto e profusamente adornada con cenefa exterior e moldura interior labrada. Nela está a imaxe pétrea de Sto. Antonio co hábito de franciscano, sostendo o Neno nunha man, e na outra unha flor.

Aos lados da fornela, en relevo, hai unha curiosa representación de dous **nenos trompeteiros** (053).



No cumio do frontes apoia unha cruz.

A fachada ten pináculos extremos e remátase con capias ata a base dun pequeno campanil central. A cornixa inferior xa está gastada polo roce. Abre arcos de medio punto aos catro ventos, e as pilastras presentan molduras centrais. Remátase con pináculos esquinais e unha cúpula de media laranxa sobre a que se representa unha figura humana de pé, con gorro e as mans tapando os oídos. Sobre ela hai unha cruz metálica de remate.

Na fachada destacan tamén os dobres ocos moldurados que hai entre as pilastras e o extremo da fachada, que servían para mirar o interior mentres se facía unha oración cando a igrexa estaba pechada e para deixar a esmola.

O tellado da nave é a dúas augas. No lado sur o tellado prolóngase ata dúas columnas exteriores formando un cuberto para a porta lateral.

A capela maior, de planta cadrada, ten tellado a catro augas con pináculos nas esquinas e remate no centro.

No lado sur ten adosada a sancristía, na que se prolonga tamén o tellado do cuberto lateral.

Hai un retablo presidido por Sto. Antonio de Padua, e con imaxes de Sto. Antón Abade, Sto. Amaro e Sta. Lucía.

Nunha peaña está a imaxe de **S. Brais (054)**.

FESTAS E ROMAXES DE BUDIÑO

- San Brais: 3 de febreiro
- S. Salvador: domingo máis próximo ao 6 de agosto.
- Virxe do Rosario: 1º domingo de outubro.
- Sta. Lucía: 13 de Decembro.

